

**BESTEIRO APOIA EN MEIRA A CANDIDATURA DE ANTONIO DE DIOS CO
OBJECTIVO DE QUE "OS SOCIALISTAS RECUPEREMOS A ALCALDÍA E
DEIXEMOS ATRAS CATRO ANOS PERDIDOS"**

"Estamos fartos de ineficacia, prepotencia, despilfarro e intereses persoais, é hora de cumprir co que se promete", sostén o candidato á alcaldía

Meira, 25 de abril de 2015. O secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, respaldou esta noite en Meira a candidatura encabezada por Antonio de Dios e manifestou a súa convicción de que "os socialistas gobernaremos outra vez, despois de catro anos perdidos cun alcalde do Partido Popular".

No acto, o candidato socialista Antonio de Dios, baixo o lema "*Seguimos en Meira e por Meira*", afirmou que afronta o reto do 24 de maio "con moita ilusión e co fin de gobernar nos vindeiros catro anos", unha etapa para a que promete "traballo e dedicación aos veciños", tal e como fixen cando foi alcalde. "Aforro, xestión, humildade, honradez e loitar polo ben común é no que me aplicarei se acado o apoio da veciñanza", destacou.

Neste senso, sulíñou que "estamos fartos de ineficacia, prepotencia, despilfarro e intereses persoais. É hora de cumprir co que se promete, xa que as palabras non as leva o vento. Recuperaremos a alcaldía para sacar ao noso concello da súa parálise e tentar compensar os catro anos perdidos polo Partido Popular, cuxa xestión só se pode dicir que foi nefasta, levando ao concello a unha situación económica moi grave polos grandilocuentes e ruinosos investimentos para o municipio, e a falta da mínima prudencia do gasto na actual situación de crise".

A este respecto, apuntou que "é fundamental que o alcalde de Meira sexa un veciño máis e que resida aquí; o territorio no que asenta o seu traballo, a súa familia e as súas ilusións, é dicir, xusto o contrario do actual, que pasou máis por Meira de visita que de alcalde".

Pola súa banda, o secretario Provincial –Juan Carlos González Santín– amosou "o máximo respaldo" da executiva que dirixe ao alcaldable, pois "o tempo demostrou que Antonio nunca debeu saír do despacho da alcaldía". Deste xeito, Santín non dubidou en manifestar o seu convencemento de que o candidato "volverá a imprimir en Meira a gran forza coa que nace o Miño no Pedregal e, que sen embargo, deixou perder o Partido Popular nestes catro anos".

“O tempo é o mellor amigo do presente e, aínda que, a veces tarda, consegue poñer a todo o mundo no seu sitio. Con isto quero dicir que este última lexislatura foi un mandato perdido para este concello. Non obstante, si que creo que tivo algo de positivo: serviu para ver que, se Meira resiste, é grazas aos investimentos que se fixeron con Antonio de Dios como alcalde. Por iso, considero que, hoxe máis ca nunca, os socialistas, co candidatura que presentamos, temos que volver a tomar as rendas do municipio”, subliñou Santín.

Compromisos programáticos

Como principais eixos de actuación do seu programa, Antonio de Dios anunciou a construción dunha residencia da terceira idade e dun axeitado centro de día, así como a ampliación do polígono industrial, que debe ser “moderno e renovado” para impulsar o tecido socioeconómico e industrial do municipio. “É preciso soterrar a rede eléctrica e rematar este proxecto perdido polo PP, que xa prometeu en 2011 e que non fixo nada”, insistiu.

Asemade, tamén apostará polo fomento do emprego e asistencia aos desempregados; por un decidido apoio aos gandeiros, “pois son elemento esencial da economía local”, e aos autónomos e PEMES, “que son a columna vertebral”; pola renovación do abastecemento urbano e o remate do mesmo e todos os núcleos do concello; pola supresión de barreiras arquitectónicas e mellora da accesibilidade; pola rehabilitación do cuartel da Garda Civil; pola adquisición dun novo camión do lixo; polo mantemento axeitado das pistas locais e da prazas e espazos públicos; pola construción dunha escola municipal de música; pola potenciación do asociacionismo; pola rehabilitación do campo de fútbol e, finalmente, polo monumento fundamental do concello, a igrexa de Santa María de Meira, “elemento esencial da historia, a cultura e o arte dende o século XII e referencia nacional no estilo románico”.

A lista ao completo

Co proxecto que lidera Antonio de Dios, o Partido Socialista non só se reforza neste concello, senón tamén na Terra Chá. A renovación da lista sitúase no 55%, xa que dos 11 integrantes, 6 son incorporación novas. Corresponden aos postos 2, 3, 4, 7 e 8. A candidatura ao completo é a seguinte:

- 1.- Antonio de Dios Álvarez. Comerciante.
- 2.- María de la Urdes Díaz Yáñez. Gandeira.
- 3.- Agustín Méndez Moirón. Empregado.
- 4.- Rubén Vidal Vidal. Enxeñeiro Agrónomo.
- 5.- Manuel Vidal Vallejo. Gandeiro.
- 6.- Marcelino Salgado Fernández. Xubilado.



NOTA DE PRENSA

- 7.- Antonio Fernández Fernández. Hostaleiro.
- 8.- Rosa Forja Díaz. Empregada.
- 9.- María José Salgado Lejo. Ama de casa.

Suplentes:

- 1.- Jesús Villamide Díaz. Industrial.
- 2.- Manuel Ares Ocampo. Gandeiro

Saúdos, Comunicación PSdeG